

Taboleiros de xogo barrocos de Compostela



Nena xogando ás leiriñas.

Colectivo A Rula

Asociación cultural

colectivoarula@gmail.com



Patrimonio Lúdico Galego

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 86-87

Desde a segunda metade do século XVII ata finais do XVIII Compostela viviu unha das etapas de maior lustre da súa historia, unha época coñecida como a do esplendor do barroco compostelán. Foron varias as circunstancias que propiciaron o renacemento económico da cidade. A confirmación no 1629 do padroado apostólico exclusivo sobre o Reino de España e a reactivación e institucionalización do Voto de Santiago no 1643 garantiron ao Cabido unha boa conxuntura económica para o período 1657-1751, no que Santiago foi a cidade galega máis próspera e un importante núcleo asistencial que atendía numerosa poboación da súa provincia.

Con boa parte destas riquezas sufragáronse ambiciosas reformas da fábrica catedralicia, a súa contorna e multitude de obras por toda a cidade. A este afán construtivo uníronse a fidalguía e as poderosas comunidades relixiosas aloxadas na cidade renovando e ampliando as súas residencias no novo estilo. Como consecuencia, a traza urbana sufriu unha profunda transformación na que se produce unha "petrificación" dos espazos públicos, feito que permitiu a conservación dun numeroso conxunto de taboleiros de xogo gravados na pedra, sen parangón coñecido.

Levamos rexistrados máis de 200 exemplares na cidade. Case todos eles comparten un deseño base, tres aliñacións de tres orificios que conforman un taboleiro para xogar ao tres en raia, leiriñas ou *pai fillo nai*, como tamén se coñece o popular xogo. Foron gravados nos espazos públicos da cidade, accesibles a todos os cidadáns, sobre eses elementos que estaban a ser lou-

sados neses anos, as prazas, rúas, adros, pontes, escaleiras, fontes, bancos, cruceiros, soleiras..., e son unha “fosilización” dunha actividade cotiá na vida dos habitantes de Compostela.

Son de especial interese as concentracións de exemplares en determinados espazos, como o conxunto do banco corrido da praza do Obradoiro, lugar principal da vida e de celebracións públicas, as do edificio da actual Facultade de Historia ou o recentemente localizado conxunto do Hospital de San Roque, así como as dos adros de igrexas e conventos (San Martiño Pinarío máis de 40, Santa Clara, máis de 20, A Mercé...) que reflicten a importante actividade asistencial desenvolvida por estas institucións e, ao mesmo tempo, a forte desigualdade existente nesta sociedade, pois entendemos que estes últimos taboleiros foron elaborados polas persoas necesitadas para amenizar o tempo en espera do reparto da esmola.

Situamos a súa elaboración cronoloxicamente no barroco compostelán, toda vez que non localizamos taboleiros gravados en construcións ou lousados realizados antes da segunda metade do século XVII, nin tampouco nos levantados no século XIX.

As novas ideas da Ilustración trouxeron importantes cambios nos hábitos de convivencia, no sistema asistencial e na xestión da hixiene e orde públicas. Como consecuencia, a finais do século XVIII deixan de gravarse taboleiros nas rúas compostelás pero seguiron empregándose ata a segunda metade do século XX, na que as leiriñas seguía a ser un xogo moi popular entre os picheleiros. ■



Taboleiro no adro de San Martiño Pinarío.



Taboleiros do Hospital de San Roque.



Neno fotografando un taboleiro.